

Convocatoria
XI Concurso de Relatos
“Menciña para un mundo en crise”
Museo Liste de Vigo



2023

Bases

1. **Aspectos xerais:** XI Concurso de Relatos do Museo Liste de Vigo convocado co gallo da celebración do Día das Letras Galegas (17 de maio).
2. **Temática: “Menciña para un mundo en crise”**
Baixo este lema gustaríanos coñecer a visión que nenas e nenos teñen sobre as guerras, a fame, a violencia, a discriminación, o paro, a enfermidade, as adicións, etc, todos eles aspectos negativos da nosa realidade presente. O modo de entender, de vivir e de aportar solucións a estes problemas por parte dos nosos nenos e nenas constitúe unha reflexión social necesaria. A súa visión pode proporcionar unha perspectiva diferente afastada dos intereses e excusas dos adultos.

Animádeos a escribir!! Con certeza aprenderemos deles...
3. **Idioma:** galego.
4. **Participantes:** nenas e nenos de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria.
5. **Categorías:** establécense 5 categorías:
 - Categoría A: nenas e nenos de 1º e 2º de Educación Primaria.
 - Categoría B: nenas e nenos de 3º e 4º de Educación Primaria.
 - Categoría C: nenas e nenos de 5º e 6º de Educación Primaria.
 - Categoría D: nenas e nenos de 1º e 2º de E.S.O.
 - Categoría E: nenas e nenos de 3º e 4º de E.S.O.
6. **Formato e modo de presentación:** os traballos presentados ao concurso terán unha presentación e extensión libres, manuscritos ou a ordenador. Serán presentados ben na sede do Museo Liste, na rúa Pastora nº 22; enviados por correo ordinario a dita dirección; ou enviados a través de enderezo de correo electrónico: didactica@museoliste.org dende a cal se confirmará recepción.
7. **Prazo de recepción dos traballos:** aberto dende o 1 de febreiro ata o 25 de abril de 2023.

8. **Selección de obras, xurado e fallo:** o xurado encargado de seleccionar as obras gañadoras estará formado por varios membros: unha psicóloga, unha educadora social, unha mestra de primaria, un profesor de secundaria e persoal do Museo Liste. **O fallo do xurado será comunicado aos gañadores vía telefónica e publicado no blog do museo (<https://museoliste.org/blog/>) e en prensa a partir do 9 de maio de 2023.**
9. **Premios:** establécense 5 premios, un premio por cada categoría, consistentes en lotes de libros, medallas e diplomas acreditativos. **A entrega de premios realizarase o día 17 de maio, “Día das Letras Galegas”, a partir das 12:30 h. na sede do Museo.**
10. **Outros:** en todo aquilo non previsto nesta bases a Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo resolverá o que proceda.
11. **Información:** a través do teléfono 986244698 ou a través do enderezo didactica@museoliste.org.